



Concello de Casto Verde

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACÍONS E ASOCIACÍONS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL. EXERCICIO 2026.

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas bases teñen por obxecto establecelos criterios e os procedementos para a concesión de subvencións dirixidas axudas a comunidades veciñais, agrupacións ou asociación de veciños para a realización de obras de acondicionamento no medio rural.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local; 40.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais; e 23 e seguintes do regulamento de servizos das corporacións locais, lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 2225/1993, do 17 de decembro, en canto non se opoña a esta última; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de Subvencións. Así mesmo serán de aplicación a ordenanza xeral de subvención aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de 28 de xaneiro de 2010, publicada no BOP nº 80, de 10 de abril de 2010.

SEGUNDA.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

O Concello, por medio dos procedementos previstos nesta ordenanza, poderá conceder subvencións para a execución de pequenos abastecementos de auga potable, saneamentos, pavimentacións, rede de sumidoiros, acondicionamento de camiños rurais, arranxo e acondicionamento de capelas, acondicionamento de fontes e arranxo de locais sociais, así como pequenas infraestruturas deportivas e outras análogas

TERCEIRA.- BENEFICIARIOS. REQUISITOS

Poderán solicitar estas subvencións as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas, asociacións, comunidades de bens ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda non tendo personalidade xurídica, poidan levar a cabo o proxecto que motiva a concesión da subvención. As agrupacións sen personalidade xurídica deberán nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. As entidades solicitantes deberán ter os seguintes requisitos:

- a) Ser asociacións de veciños, agrupacións ou colectivos veciñais, sen ánimo

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

- de lucro.
- b) Desenvolver a súa actividade e solicitar a subvención para a execución das obras no municipio de Casto Verde.
 - c) Estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, este requisito deberá ser cumprido por tódolos seus integrantes.
 - d) Non estar incurso en ningunha causa de prohibición de percepción de subvencións públicas das previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, este requisito deberá ser cumprido por tódolos seus integrantes.

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual e a Corporación municipal, por medio da Xunta de Goberno Local, e, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, no seu caso, revogalas ou reducilas en todo momento. Ademais, non xeran ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, o Concello de Casto Verde, quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

CUARTA.- FINANCIAMENTO.

A contía máxima das subvencións convocadas será de **18.250 euros**, con cargo á partida 459.78 do orzamento municipal para o exercicio 2026.

QUINTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

5.1 Prazo de presentación

As solicitudes deberán presentarse no prazo de **30 días naturais** a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Debendo presentarse segundo os modelos de anexos indicados nestas bases.

5.2 Lugar de presentación

As solicitudes dos interesados presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Casto Verde, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cada asociación ou entidade só poderá presentar unha solicitude de subvención para un proxecto ou actividade.

5.3 Documentación

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

. O interesado deberá acompañar á solicitude, a seguinte documentación:

- **Solicitude en modelo normalizado** subscrita polo interesado, no caso de tratarse de persoa física, ou polo representante legal da asociación ou entidade, xunto co compromiso de destinar a subvención á execución do proxecto solicitado. **(Anexo I)**
- **Á solicitude unirase a memoria explicativa do proxecto a realizar** para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como o seu sistema de financiamento. **(Anexo II)**
- **Fotocopia do NIF/CIF da persoa ou entidade solicitante** e, se e o caso, documento acreditativo da representación que posúe na comunidade ou asociación solicitante.
- **Nota aclaratoria:** No suposto de agrupacións sen personalidade xurídica, a solicitude de subvención, deberá ser asinada por tres membros da devandita agrupación acompañada de fotocopia do NIF de cada un dos membros, nomeando un representante que asumirá perante o concello os deberes previstos nas presentes bases. Os membros da agrupación responderán solidariamente fronte ó concello das obrigas sinaladas nas presentes bases, na lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.
- **Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións do Concello de Casto Verde**, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. **(ANEXO III)**
- **Declaración responsable acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Casto Verde.** **(ANEXO III).**
- **Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.** **(ANEXO III)**
- **Calquera outro documento que se considere de interese para a mellora da avaliación da subvención.** O Concello poderá solicitar, se así fora oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

No suposto de solicitude de subvención para diferentes actividades, deberán solicitarse por orde preferencial, e o Concello terá opción de elección para o caso de

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

que non poida financialas todas.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada requiriráselle ó interesado para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa petición, e arquivaranse o expediente sen máis trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei 39/2015.

SIXTA.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases axustarase ó establecido na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión das subvencións.

1.- De conformidade co establecido na Ordenanza Xeral, o órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local.

2.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

3.- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude

4.- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte hábil ó da notificación non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido ó órgano que concede a subvención.

5.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

SÉTIMA.- CONTÍA E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS.

1.- As subvencións que se outorguen ó abeiro da presente convocatoria serán compatibles con outras para a mesma fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado polo concello poida superar o 90% do custo total da actuación.

2.- En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o 100% do custo da actividade subvencionada.

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

3.- A contía máxima das subvencións que conceda o Concello será de **3.650 €**.

No caso se existir sobrefinanciamento o beneficiario deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Castroverde na cantidade que exceda do custo da actividade.

OITAVA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para a resolución da concesión da subvención e determinación da súa contía, teranse en conta os criterios obxectivos seguintes, relacionados por orde de importancia:

- As que complementen os servizos mínimos de competencia municipal.
- O número estimado de persoas que poidan ser beneficiadas coa realización do proxecto.
- A maior porcentaxe de achega do beneficiario, en relación co orzamento total da actividade a desenvolver.
- A dificultade acreditada pola entidade solicitante para acudir a outros medios de financiamento, así como os medios económicos con que conte a mesma, en relación co importe solicitado como subvención.
- Aqueles outros que polas peculiares características da obra que se trate, se aprecien polo órgano competente para resolver.

No caso de que o crédito consignado na convocatoria fora suficiente, atendendo ao número de solicitudes presentadas, unha vez finalizado o prazo de presentación, non

será preciso fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos.

No caso de que haxa máis solicitudes polos importes máximos (5 solicitudes de 3650 euros) terán preferencias as asociacións veciñais ou agrupacións domiciliadas no municipio de Castroverde, así como as que non pidan subvencións ou axudas nos últimos 5 anos. No caso de que con estes criterios haxa máis solicitudes se excluirán as que pidan axuda para o mesmo obxecto nos últimos 5 anos. De persistir o empate, se aplicarán os criterios anteriores.

O órgano competente poderá proceder ao rateo entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza do proxecto subvencionado e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

En ningún caso serán o carácter de subvencionables os gastos derivados da adquisición de bens inmoables, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e en xeral aqueles bens que teñan a consideración de inversión ou equipamento. Tampouco serán obxecto de subvención os gastos financeiros, notariais, rexistrais, periciais, multas, sancións e recargos administrativas ou penais, nin os tributos directos a cargo dos beneficiarios.

DÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar a actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou disfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro a realizar polos órganos de control competentes do Concello ou nacionais ou comunitarios, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra o corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f) Facer constar en tódalas actividades que están subvencionadas polo Concello de Castroverde mediante un cartel tamaño A3.(MODELO ADXUNTO)
- g) Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos.
- h) En xeral, as previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

UNDÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS. **(ANEXOS:IV,V,VI))**

1.- Os beneficiarios das subvencións deberán presentar nas oficinas municipais, á finalización das obras subvencionadas e, en todo caso, antes do 31 de outubro do ano en curso, a seguinte documentación:

- **Comunicación da finalización da obra subvencionada** para a súa presentación no Rexistro das Oficinas Municipais.
- **Declaración responsable de si a asociación solicitou ou recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.**

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

- **Certificación bancaria da entidade**, da conta na que se procederá, no seu caso, ao ingreso da correspondente subvención, unha vez tramitada a documentación xustificativa presentada.
- **Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, orixinais ou fotocopias compulsadas.** As facturas deberán cumprir os requisitos do Real Decreto 1496/2003, polo que se regulan as obrigas de facturación. En particular, deberán figurar desagregados os diferentes conceptos e os seus prezos unitarios, así como a base imponible, o tipo de IVE aplicado e a cota de IVE correspondente. **O IVE tamén será subvencionable.**
- **Certificado de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais (Certificado emitido pola A.E.A.T)**
- **Certificado de estar ó corrente fronte á Seguridade Social (Certificado emitido pola Seguridade Social) .**
- **Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da comunidade autónoma galega (Certificado emitido pola Consellería de Facenda).**
- **Non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos para os que se concedeu a subvención.**
- **Fotocopias dos acordos de concesión de axudas económicas por outras Institucións** se non puideran aportarse no momento da solicitude da subvención perante esta Corporación.
- **De non gastar total ou parcialmente a subvención concedida ou de non se destinar aos fins previstos, deberá reintegrarse ás arcas municipais.**
- **Admitirase, a maiores, calquera outra documentación que se poida pedir para a mellor xustificación do gasto,** ou calquera outra da que se derive a realización da actividade.
- Documentos acreditativos (carteis publicitarios, fotografías, etc...) no que se vexa reflexado en cada actividade/proxecto subvencionado o logotipo do Concello de Castrolverde. **PODERÁ SOLICITALO NO CONCELLO**

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

A non presentación en prazo e forma da xustificación suporá a perda total da subvención concedida.

2.- O prazo de presentación da xustificación rematará o día **31 de outubro de 2026**. Excepcionalmente, cando pola duración das obras obxecto de subvención, ou polas datas de realización das mesmas non se poida presentar a conta xustificativa no dito prazo, o beneficiario deberá comunicar ó Concello tal circunstancia, indicando as razóns que impiden a presentación e a data máxima na que se poderá presentar a conta xustificativa. A Xunta de Goberno, á vista da comunicación do beneficiario, e valorando as circunstancias individuais, poderá autorizar un prazo maior de xustificación, é dicir, **poderá solicitarse prórroga no caso de imposibilidade da realización da obra obxecto da subvención dentro do prazo estipulado.**

3.- A xustificación de gastos de persoal realizarase mediante nóminas asinadas polo preceptor e TC1 e TC2 acompañados dos xustificantes de pagamento.

4.- No caso de que a xustificación presentada presentase defectos ou erros, darase ó beneficiario un prazo de 10 días para a súa emenda. De non presentarse a emenda, terase por non presentada a xustificación, sen que se produza interrupción algunha do prazo de xustificación, e quedando o beneficiario a presentar unha nova conta xustificativa de acordo coas presentes Bases.

5.- No caso de que os gastos xustificados sexan inferiores ó presuposto da actividade, a contía da subvención reducirase ata acadar o 90% por cento dos gastos xustificados.

6.- A xustificación será aprobada polo órgano que concede a subvención, a proposta do Concelleiro/a delegado de Área.

8.- **A data límite para xustificar a subvención concedida será a do 31 de outubro do exercicio económico correspondente á súa concesión.** No caso de non presentala xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

9.- Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

En todo o non previsto nas presentes Bases, estarase ó disposto na lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e Ordenanza Xeral de Subvencións deste concello, e demais disposicións sobre a materia.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

ANEXO I

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL. EXERCICIO 2026.

D./D^a _____ con

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

NIF _____, teléfono núm. _____ con domicilio en _____ (Castrolverde), en
representación _____ de

SOLICITA:

Unha subvención por importe de _____ € para sufragar os gastos derivados da realización da/s seguinte/s actuación/s:

Así mesmo xunto con esta solicitude achego os seguintes documentos:

- Anexo II (memoria explicativa do proxecto, presentar un Anexo II por cada actividade a realizar)
- Anexo III (modelo de declaración xurada)
- Fotocopia dos estatutos e da acta de constitución da asociación (actualizados)
- Fotocopia do NIF da persoa solicitante
- Fotocopia do CIF da asociación
- Outros documentos.....

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada así como tódolos compromisos e obrigas derivadas das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o exercicio 2024.

Castrolverde, ____ de _____ de 2026

SR ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE

ANEXO II

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

DENOMINACIÓN: _____

-DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS:

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casterverde

-Obxectivos que persegue:

- Duración do proxecto:

-Lugar previsto para a realización das actuacións:

- Recursos previstos para a execución do proxecto:

a) Orzamento detallado dos gastos previstos:

b) Orzamento detallado dos recursos previstos (materiais, económicos, humanos, económicos (subvencións, aportacións socios etc)

TOTAL.....€

Castroverde, __ de _____ de 2026

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA ÓS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D^a _____
co NIF _____, teléfono núm. _____ con domicilio en _____

Concello de Casterverde

Plaza do Concello, nº 2, Casterverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

(Castrolverde), en representación de _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

1- Esta Asociación/Agrupación (si ou non) solicitou e recibíu, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI *
- NON

*Ata o día de hoxe e referidos ó exercicio económico de 2025, esta entidade solicitou/ recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2- Esta entidade está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Castrolverde respectivamente.

3- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obte-la condición de beneficiaria da subvención.

Castrolverde, ___ de _____ de 2026
(DNI, sinatura)

ANEXO IV

SOLICITUDE DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

D./D^a _____ con DNI _____,
teléfono _____ núm. _____ domiciliado/a _____ na
r/p _____ núm _____, piso _____,
CP: _____ localidade: _____, en representación da
entidade: _____, con domicilio social na
r/p _____ núm _____ piso _____ CP _____, teléfono núm
_____, na localidade de _____.

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castoerverde

SOLICITA:

Que sexa admitida a trámite a documentación xustificativa que achego destinada a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral, exercicio 2026.

Achéganse os seguintes documentos:

- Anexo V (Declaración responsable de solicitar ou recibir subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou privadas para a mesma finalidade).
- Anexo VI Comunicación fin de obra.
- Facturas e demais documentos de valor (orixinais ou compulsadas).
- Certificado de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais (Certificado emitido pola A.E.A.T)
- Certificado de estar ó corrente fronte á Seguridade Social (Certificado emitido pola Seguridade Social)
- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma Galega (Certificado emitido pola Consellería de Facenda)
- Certificación bancaria do número de conta.
- Documentos acreditativos (carteis publicitarios, fotografías, etc...) no que se vexa reflexado en cada actividade/proxecto subvencionado o logotipo do Concello de Castoerverde. **PODERÁ SOLICITALO NO CONCELLO**
- Outros documentos.....

Castoerverde, ____ de _____ de 2026
(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a _____
provisto do NIF nº _____ en calidade de (presidente, secretario,...) de _____
_____ con enderezo social en _____ de Castoerverde e con CIF nº _____.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

Concello de Castoerverde

Plaza do Concello, nº 2, Castoerverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

1- Esta entidade (si ou non) solicitou e recibiu, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI
- NON

Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2025, esta entidade solicitou/ recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2- Esta entidade está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social, Axencia Tributaria Galega e ao Concello de Castrolverde .

3- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obtela condición de beneficiaria da subvención.

Castrolverde, ____ de _____ de 2026
(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO VI

COMUNICACIÓN FIN DE OBRAS

D./D.^a _____
provisto do NIF nº _____ en calidade de (presidente, secretario,...) de

_____ con enderezo social en
_____ de Castrolverde e con CIF
nº _____.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

Que o Concello de Casto Verde concedeulle unha subvención a asociación de veciños de: _____

Para as obras: _____ que foron rematadas o día _____

Executáronse _____ os _____ seguintes traballos: _____

Por todo o anterior **COMUNICA** o fin das obras para que se proceda a súa comprobación.

Casto Verde, ____ de _____ de 2025

(Sinatura e selo da entidade)

MODELO CARTEL (TAMAÑO A3)

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castoverde



CONCELLO DE
CASTOVERDE

SUBVENCIÓNS A ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓ E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL

ACTUACIÓN SUBVENCIONADA:

INVESTIMENTO	SUBVENCIÓN
ORGANISMO	
CONCELLO DE CASTOVERDE	
ANUALIDADE	
2024	
BENEFICIARIO DA AXUDA	

Concello de Castoverde

Plaza do Concello, nº 2, Castoverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011

